
INFORME ANO 2015 PROTOCOLO MARCO DE ACTUACIÓN PARA A PREVENCIÓN E SANCIÓN DO ACOSO SEXUAL E POR RAZÓN DE SEXO (DOG 7/01/2015)

INTRODUCCIÓN

O artigo 12 do *Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo da Universidade de Vigo* establece entre as funcións da Comisión de Acoso Sexual (CAS) a de «Elaborar un informe anual sobre a aplicación do presente protocolo para a súa presentación ante o Consello de Goberno» .

O informe que aquí se presenta, corresponde ao ano 2015, primeiro de aplicación do Protocolo.

ACTUACIÓNS CONCRETAS

1. Unha vez publicado no DOG, o Protocolo foi **incorporado** nos pregos de cláusulas administrativas particulares e nos pregos de bases que regulan a adxudicación dos diversos **contratos** no apartado da FRC que se corresponde coas condicións especiais de execución do contrato coa seguinte fórmula:

- Condicións que se establecen: a contrata obrígase durante a execución do contrato a dar cumprimento ao *Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo* da Universidade de Vigo cuxo contido se pode examinar no seguinte enlace:

http://www.uvigo.es/opencms/export/sites/uvigo/sites/default/uvigo/DOCUMENTOS/igualdade/Protocolo_galego_DOGA.pdf

http://www.uvigo.es/opencms/export/sites/uvigo/sites/default/uvigo/DOCUMENTOS/igualdade/Protocolo_castelxn_DOGA.pdf

- Constitúe unha obriga esencial para os efectos do artigo 223.f) do TRLCSP: SI
- Impóñense penalidades en caso de incumprimento: SI
- Considérase infracción grave aos efectos establecidos no artigo 60.2.e) do TRLCSP: SI

Por outra banda, no anexo II (Régime de penalidades) incluíuse como falta moi grave o incumprimento das obrigas establecidas no *Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo* da Universidade de Vigo.

2. A información sobre o Protocolo **incorporouse** no apartado de «**Axuda**» da **secretaría virtual da Universidade de Vigo** coa seguinte fórmula:

«6. Proccolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo da Universidade de Vigo

A Universidade de Vigo está comprometida coa prevención e erradicación daquelas situacións constitutivas de acoso sexual ou por razón de sexo cando estas se produzan no ámbito universitario en aras de garantir os dereitos fundamentais das persoas que forman parte da comunidade universitaria. No seguinte enlace podes consultar cales son os medios e procedementos que a institución pón ao teu alcance para previr e sancionar situacións deste tipo.

Galego: [Protocolo de prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo](#)

Inglés: [Protocol of prevention and penalisation of sexual and gender-based harassmentf](#)»

Así mesmo, aparece como ligazón de interese na última pantalla da matrícula.

3. Convocouse a seguinte **acción formativa** «Formación en prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo» dirixida a todas as persoas que ocupan as direccións de centros e departamentos e aos enlaces de igualdade de cada centro.

Os obxectivos desta formación eran:

- Adquirir coñecementos relativos ao acoso sexual e por razón de sexo.
- Ser quen de identificar situacións de acoso sexual e por razón de sexo na Universidade.
- Coñecer a lexislación vixente en relación ao acoso sexual e por razón de sexo, especialmente a normativa da Universidade de Vigo.
- Acadar competencias para adoitar as medidas necesarias para a intervención nas situacións de acoso sexual e por razón de sexo.
- Promocionar a igualdade de xénero e previr o acoso sexual e por razón de sexo na Universidade.

O programa da formación era o seguinte:

1. Aproximación conceptual ao acoso sexual e por razón de sexo.
2. Consecuencias para as vítimas, as organizacións e a sociedade.
3. Marco lexislativo nacional e internacional.

4. Normativa da Universidade de Vigo: *Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo da Universidade de Vigo*
5. Acoso sexual e por razón de sexo: claves para a identificación e estratexias de actuación
6. A Universidade: un espazo para a promoción da igualdade de xénero e a prevención do acoso e da violencia.

A acción desenvolveuse nos seguintes lugares e datas:

Lugar	Datas	Horario
Campus de Ourense: Salón de graos do Edificio Facultades	23 de abril de 2015	11.00 - 13.00 h
Campus de Vigo: sala I do Edificio Miralles	30 de abril de 2015	12.30 - 14.30 h
Campus de Pontevedra: Casa da Campás	14 de maio de 2015	11.00 - 13.00 h

O profesorado que impartiu a formación foi o seguinte:

Yolanda Rodríguez Castro, doutora en Psicopedagogía, profesora Axudante Doutora da Universidade de Vigo do Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa. Compaxina a docencia coa súa labor como investigadora centrada no estudo do sexismo, os estereotipos, a educación sexual e a violencia de xénero.

María Victoria Carrera Fernández, doutora en Psicopedagogía, profesora Axudante da Universidade de Vigo do Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa. Compaxina a docencia coa súa labor investigadora, destacando as seguintes liñas de investigación: *bullying* en perspectiva de xénero, construción da identidade de xénero, sexismo, fenómenos de otredade e violencia sexual.

O número de persoas que asistiron é o seguinte:

Campus	Mulleres	Homes
Campus de Ourense	6	1
Campus de Vigo	12	4
Campus de Pontevedra:	8	5

Total 26 10

A mesma formación, en diferente horario no caso do Campus de Vigo, foi impartida ás xefaturas de servizo e de área e ás administracións de centros. A asistencia tiña carácter obrigatorio. Preséntase a continuación o número de asistentes en cada Campus.

Campus	Mulleres	Homes
Campus de Ourense	2	1
Campus de Vigo	11	10
Campus de Pontevedra:	2	1
Total	15	12

APLICACIÓN DO PROTOCOLO

Durante o ano 2015 a presidencia da CAS recibiu na sede da Unidade de Igualdade, dúas consultas verbais sobre a posible aplicación do *Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo da Universidade de Vigo*.

A primeira consulta foi realizada por unha membro do Persoal de Administración e Servizos. Estudiado o caso, aconsellóuselle que presentase a pertinente denuncia perante a Comisión de Intermediación e Resolución de Conflitos da Universidade de Vigo (CIRC) pois a situación descrita non encaixaba dentro do ámbito obxectivo do Protocolo.

A segunda consulta foi realizada por unha alumna. Escoitada a súa descrición dos feitos, informóuselle que podería ser de aplicación o Protocolo e que para iniciar o procedemento debería presentar unha denuncia formalmente. A alumna non chegou a presentar a denuncia. Aínda así, a presidencia da CAS fixo indagacións e se entrevistou cunha persoa coñecedora da situación concluíndo que non era necesario tomar ningunha medida por propia iniciativa da Universidade de Vigo.

Vigo, 16 de novembro de 2016

A presidenta da CAS

Anabel González Penín